

**Sr. D. Luis Aragunde Aragunde**  
**Alcalde do Excmo. Concello de Cambados**  
Praza do Concello S/N  
36630 Cambados (Pontevedra)

En Cambados, a 26 de outubro de 2012

Estimado Sr. Alcalde:

Diríxome a vostede para informalo da miña intención de gravar en vídeo e/ou audio todos os plenos ordinarios e extraordinarios que se celebren no Concello de Cambados, co obxectivo de difundir o que ocorra en ditas sesións plenarias. Non o pretendo realizar en nome de ningún partido político ou asociación, senón a favor do dereito á información dos cidadáns, e en concreto, dos vecinos e veciñas de Cambados, a través do blog que xestiono: Cambados(tk).

Transládolle esta petición posto que vexo de interese xeral o que acontece nos Plenos, e creo que é de vital importancia a difusión desta información a través da rede ou calquera outro medio de comunicación. Desta forma, todos os habitantes que poderían coñecer de primeira man os temas que se tratan no noso municipio e crear a súa propia opinión e xuízo ao respecto.

As sesións do Pleno son públicas e así o recolle o artigo 227 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de Novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, no seu apartado adicado á información e participación cidadá nos plenos da Corporación. O artigo 20 da Constitución avala por si só o dereito dos cidadáns "A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión". Pero ademais, hai sentenzas xudiciais que amparan o dereito cidadá a gravar os plenos. Entre elas, unha sentenza do Tribunal Supremo de 2007 (STS 3468/2007 e Sentenza 42/2009 do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, adxúntase copia de ambas). Este dereito está respaldado tamén por unha resolución do Defensor del Pueblo de Xuño de 2012 (Número de expediente: 12000513, adxúntase copia), que na súa resolución recomenda:

*"Que en atención al ejercicio de los derechos fundamentales previstos en el artículo 20 de la Constitución, en los términos reflejados en las consideraciones que anteceden, se autoricen las solicitudes para la grabación de los Plenos y la difusión de lo grabado, siempre con respeto a la normativa de protección de datos de carácter personal y restante normativa que resulte de aplicación, y ello previa advertencia a todos los participantes en los Plenos de que se trate de que las sesiones pueden ser grabadas en formato no sólo sonoro sino audiovisual, para su posterior difusión en medios de comunicación."*

Non considero que a gravación dos Plenos Municipais supoña problema algúin para o seu normal desenvolvemento, nin afecte a ninguna persoa para a óptima realización das súas tarefas. É por elo que agora, despois de estudar multitud de información ao respecto sobre casos similares noutros Concellos, comunicolle con antelación e por escrito a miña intención de gravar en vídeo e/ou audio aqueles plenos, que pola súa orde do día me resulten de interese, para informar aos cidadáns que por razón de horario, despazamento, espazo ou accesibilidade no salón de plenos, non poden asistir a estes actos; e sempre respectando as directrices do Informe 0526/2009, da Axencia Española de Protección de Datos, adxúntase copia .

Creo fermemente que é unha loable acción, facilitar e fomentar a participación cidadá na vida política do noso Concello, e agardo que así o entenda vostede e o seu equipo de goberno. A miña intención nunca será crear problemas onde non existen, pero creo neste dereito de difusión da información. Creo na participación cidadá nos asuntos do seu Concello e en transladar toda a información posíbel aos vecinos e veciñas de Cambados.

Á espera de recibir a súa contestación, reciba un cordial saúdo.

Asinado: Óscar Pardo Piñas

(datos persoais)